



Asunto: Contratación funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.

Expediente orixe: 2021/X999/000158

Expediente decreto: 2021/G003/000183

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o escrito da Xerencia de 17.06.2021, co visto e prace do Presidente, no que, se reflicte o seguinte:

<<No Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, entidade adscrita á Deputación Provincial de A Coruña, actualmente existen no cadro de persoal nove prazas en administración (xerente, secretaria interventora, técnico de administración xeral, oficial, suboficial, administrativa contable, administrativo, sarxento e auxiliar administrativa).

Na actualidade, está vixente unha bolsa de emprego de administrativos para a provisión de prazas de funcionario ou persoal laboral.

Vense de incorporar un administrativo por acumulación de tarefas relativas á xestión das liquidacións tributarias derivadas da O.F. nº 1.

Non obstante, no cadro de persoal seguen vacantes en tanto non se realicen os correspondentes procesos de selección, as prazas de oficial, sarxento e técnico de administración xeral.

Está previsto que estes procedementos se inicien de xeito inmediato, dentro do posible, tendo en conta a forte carga de traballo actual. Non obstante, mentres non se realizan as coberturas correspondentes, resulta necesaria a incorporación de un administrativo mais.

Esta necesidade derivada do retraso acumulado no procedemento de aprobación e pago de facturas dos provedores. neste momento existen mais de 200 facturas sen tramitar e os períodos medios de pago dos últimos meses atópanse moi mor encima do máximo establecido (marzo 95,65, abril 55,09 e maio 53,60).

En canto ao cumprimento do establecido no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; deberá remitirse solicitude dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, como ente ao que se atopa adscrito este Consorcio para que, en cumprimento do mencionado artigo da Lei 40/2015, se proceda á adscrición de persoal da Deputación para o desempeño das funcións dun administrativo para este Consorcio, para o reforzo dos servizos administrativos mediante un contrato de acumulación de tarefas durante seis meses.

Por todo o exposto, **SOLICITASE:**

A adscrición de dun empregado desa Deputación, para o desempeño das funcións de administrativo neste Consorcio, durante o período de seis meses por acumulación de tarefas relacionadas coa axilización da tramitación e pago de facturas a provedores, así como calquera outra tarefa relacionada.

Noutro caso, de non ser posible, se autorice a este Consorcio para a contratación directa de persoal a través da bolsa de emprego de administrativos actualmente en vigor, para o exercicio das mencionadas funcións.>>

Como consecuencia do anterior, autorízase a contratación de un administrativo por parte da Deputación Provincial da Coruña, como ente de adscrición.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 311/2020, de data 31.12.2020, aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, mediante o sistema de concurso oposición libre.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 62/2021 de data 02.03.2021 aprobouse a formación da bolsa de emprego para provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo.

Como consecuencia do anterior esta Presidencia, ao abeiro do exposto no escrito da Xerencia de data 17.06.2021, arriba reflectido, considerando que se trata dunha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; considera necesaria a contratación conforme ao establecido nas bases reguladoras da bolsa de emprego.



Logo de formular o correspondente chamamento e da súa toma de posesión con data 26.04.2021, con data 17.06.2021 presentase renuncia por Dna. Sonia Diéguez Rodríguez con DNI ***5564** á praza de funcionaria interina como administrativa de Administración Xeral por acumulación de tarefas aceptándose a mesma por Decreto da Presidencia núm. 157/2021, resolvéndose así mesmo que deberá procederse á realización dun novo chamamento dos seguintes aspirantes en orden de prelación da lista.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Cristina Vilanova Añón con DNI ***0982**, que ocupa o primeiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 28.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000527

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Yolanda Abelenda Barreiro con DNI ***3169**, que ocupa o terceiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000528

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Paula González Pazos con DNI ***9417**, que ocupa o quinto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000532

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Berta Lorenzo Pazos con DNI ***2882**, que ocupa o sexto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000529

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, o aspirante D. Ignacio Suárez Expósito con DNI ***8543**, que ocupa o oitavo lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000533

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Mónica Osinde Vázquez con DNI ***0699**, que ocupa o décimo lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000534

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, o aspirante D. Alberto Ruíz Valencia con DNI ***0836**, que ocupa o décimo primeiro lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 29.06.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000530

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Ana Belén Longueira Rios con DNI ***9913**, que ocupa o décimo segundo lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa renuncia mediante escrito de data 02.07.2021 e con rexistro da sede electrónica núm. 202199900000540

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, a aspirante Dna. Noelia Agromartín Vázquez con DNI ***4463**, que ocupa o décimo cuarto lugar na lista que conforma a bolsa de emprego manifesta a súa aceptación ao dito posto.

Unha vez presentada a documentación requirida na base 14 das reguladoras da bolsa, procede a súa contratación como funcionaria interina cun contrato de acumulación de tarefas, para un período máximo de 6 meses.

De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Nomear a Dona Noelia Agromartín Vázquez con DNI ***4463** como funcionaria interina, administrativa do grupo C1, por acumulación de tarefas, cunha duración máxima de seis meses dende a data de toma de posesión.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o crédito necesario para a súa contratación, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.



TERCEIRO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

CUARTO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, nóminas e notificar á interesada.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria Interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira